



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2008 13:58
Nº Rexistro: 28035
Data envío: 31/03/2008 13:58:03.297

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e María Carme da Silva Méndez, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ao conflito urbanístico existente na Illa de Arousa como consecuencia do criterio seguido na aplicación da Lei de Costas, e as previsións de solución.

A Illa de Arousa leva tempo padecendo unha grave situación urbanística que provoca serios problemas de índole social, como consecuencia da inadecuación do marco legal vixente en materia de costas á realidade concreta –obviamente insular– das comunidades humanas historicamente conformadas nese contexto.

Por este motivo, hai aproximadamente un ano, a propia Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sinalaba publicamente que técnicos desa Consellaría e do Ministerio de Medio Ambiente comezarían a traballar na elaboración do Plano de Ordenación do Litoral, sendo precisamente a Illa de Arousa o primeiro concello no que encetar estes traballos. A razón, precisamente, a asunción de que A Illa de Arousa é o único concello galego que ten o 100% do seu territorio afectado pola franxa dos 500 metros.

Simultaneamente, en resposta oficial ao BNG, a Consellaría de Política Territorial confirmaba que se ralentizarían os expedientes de infracción incoados na Illa de Arousa á espera da resolución definitiva deste conflito.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Porén, pasado xa un ano desde estes anuncios, non existen noticias sobre o curso dos traballos realizados neste concello, e algúns propietarios de vivendas seguen a recibir multas. Mesmo nalgún caso está pendente a demolición dunha vivenda.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cales son as previsións de solución deste conflito?
- 2.^a) Cantos expedientes sancionadores están abertos na Illa de Arousa pola aplicación da Lei de Costas?
- 3.^a) En que fase se encontra cada un deles?
- 4.^a) Vanse ralentizar estes expedientes mentres non se chegue á solución definitiva?

Santiago de Compostela, 30 de Marzo de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

María Carme da Silva Méndez

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 31/03/2008 13:56:32

María Carme da Silva Méndez na data 31/03/2008 13:56:40